


# HISTORIA.



O día 31 de outubro, cando o día empeza a ser máis curto e a noite máis longa, ten lugar unha festa moi especial. Pero cal é a súa orixe?

Actualmente, a noite do 31 de outubro, ten lugar unha festa chea de disfraces, doces e cabaza ocas iluminadas cun cirio; pero a súa orixe ven da época celta, alá polo século I a.C. O feito é que, naquela época, o ano celta estaba dividido en dous grandes períodos: o verán, que comezaba coa celebración do Beltane o 1 maio; ata o Samáin o 1 de novembro, cando comezaba o inverno.

Durante a noite do Samáin, os druídas (sacerdotes celtas) recollían as bagas de aciuro cunha fouce de ouro, para despois depositalas nun caldeiro e con elas elaboraban as súas "apócemas máxicas". Os druídas celtas crían que durante esta noite unha porta se abría a outra dimensión, servindo de conexión entre o mundo dos vivos e o mundo dos mortos; por iso facían fogueiras que servían de guía aos mortos na escuridade cara o seu fogar.

Ademais disto, os celtas tamén amontoaban as caveiras dos seus mortos e dos seus inimigos nas encrucilladas de camiños, pintándoas con cores rechamantes.

Dende entón, o Samáin leva mudado e sufrido moitos cambios, primeiro derivados da cristianización da festa (coa celebración do Día de Todos os Santos) e máis tarde, coa chegada ao novo mundo (o descubrimento e colonización de América do Norte). Nesta incursión, o samáin veuse influenciado polo contacto coa cultura británica e irlandesa, que celebran a súa famosa Noite de Bruxas (Halloween). Esta é unha noite chea de doces e disfraces co lema "trick or treat", na que se decoran cabazas ocas con cirios. Estas cabazas veñen da lenda de Jack e a súa lanterna.

Como consecuencia de todo iso, o samáin chegou a nós como unha celebración chea de historia e influencias varias, que forma parte da Historia dunha cultura diversificada e chea de vida como é a do pobo galego.